



# NOVAS FUNCIONALIDADES DA APLICACIÓN PROENS

Versión Proens 1.8.0

Xuño 2023



## Novas funcionalidades da aplicación Proens

Durante o mes de xuño, actualizarase a aplicación informática Proens para incorporar novas funcionalidades co obxectivo de melloralala e adaptala ás necesidades do profesorado na planificación do proceso de ensino e aprendizaxe das áreas/materias/ámbitos.

A versión 1.8.0 despregarase nas vindeiras semanas, antes de que remate o curso escolar 2022-2023 e incorporará tres opcións como principais novidades:

- 1. Avaliación das competencias clave (só para a educación primaria e a educación secundaria obrigatoria).
- 2. Versión borrador, recuperable no curso seguinte.
- 3. Seguimento final de curso.

Ademais destas novas funcións, continúaase a traballar na aplicación para melloralala e incorporar outras funcionalidades de cara ao vindeiro curso 2023-2024. A modo informativo, indícase que actualmente se traballa nestes aspectos:

- A opción de darlle publicidade ás programacións didácticas a través da propia aplicación Proens para que calquera membro da comunidade educativa poida acceder ao seu contido.
- A posibilidade de elaborar a programación didáctica das materias de bacharelato de forma independente para o réxime xeral e para o réxime de persoas adultas.
- A posibilidade de elaborar programacións de aula.
- A elaboración de adaptacións curriculares.
- A elaboración da memoria final de ciclo/departamento didáctico a partir da información de seguimento recollida por cada docente.



## 1. Avaliación das competencias clave

Para orientar a cualificación das competencias clave que debe realizar o equipo docente na etapa de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, a aplicación Proens incorporará unha nova funcionalidade denominada *Avaliación das competencia clave* (no menú lateral esquerdo), que funcionará vinculándose coa aplicación Xade para propoer unha cualificación cualitativa das competencias clave na avaliación final de cada alumna e alumno.

Nesta funcionalidade a aplicación Proens emprega a información do perfil de saída e a das programacións didácticas (as vinculacións dos obxectivos cos descritores operativos das competencias clave -tanto as establecidas por defecto no currículo como as establecidas polo profesorado na pantalla 2 da programación didáctica-, os pesos orientativos outorgados polo profesorado aos criterios de avaliación nas unidades didácticas, e a relación entre os criterios de avaliación e os obxectivos nese nivel) así como a información das áreas/materias/ámbitos (o número de sesións semanais). A partir destes datos, a aplicación Proens realiza o cálculo de como contribúe cada área/materia/ámbito na cualificación de cada unha das competencias clave.

Esta información orientativa envíase á aplicación Xade, que a adapta á matrícula de cada alumna e alumno para que, unha vez que o profesorado introduza a cualificación final de cada área/materia/ámbito, a aplicación Xade presente a nota cualitativa das competencias clave. Esta nota non é vinculante, e o equipo docente poderá modificala segundo outros criterios acordados no centro.

### Como funciona?


Precísase empregar, en primeiro lugar, a aplicación Proens para validar a información e, posteriormente, empregárase a aplicación Xade para axustar, se así se desexa, a cualificación final das competencias clave.

### Respecto á aplicación Proens:

- O menú lateral esquerdo *Avaliación competencias* inclúe dous subpartados:
  - *Validación*. Dispoñible soamente para os equipos directivos, co obxectivo de que validen a información dos pesos cos que cada unha das áreas/materias/ámbitos contribúe a cada unha das oito competencias clave.
  - *Simulación*. Dispoñible para todo o profesorado do centro co obxectivo de realizar simulacións deses mesmos pesos tendo en conta só as áreas/materias/ámbitos seleccionadas para unha determinada matrícula.

Explícase a continuación cada un destes dous subpartados:

- *Validación da contribución das áreas/materias/ámbitos á avaliación das competencias clave*
  - Dispoñible soamente para o equipo directivo do centro.
  - Filtrarase o ano académico, a ensinanza e o curso sobre os que se vai realizar a validación da información, e premerase no botón laranxa *Buscar*.





Validación da contribución das áreas/materias/ámbitos á avaliación das competencias clave

Nestes intres a axuda non está dispoñible, desculpe as molestias.

[Modificar Axuda](#)

Filtros para a busca

Curso: Ano académico 2022/2023

Centro: --Introduza o código ou nome do centro--

Ensinanza: -- Seleccione un elemento --

Curso: -- Seleccione un elemento --

[Buscar](#)

- A aplicación amosa os pesos relativos cos que todas as áreas/materias/ámbitos que se imparten nese nivel contribúen á consecución de cada unha das oito competencias clave. É dicir, realizará o cálculo do 100% de cada competencia considerando todas as áreas/materias/ámbitos (por exemplo no terceiro curso de ESO presentará todas as materias obrigatorias, todas as materias optativas, proxecto competencial e ensinanzas de relixión, e de ser o caso, os ámbitos de PDC).
- Confirmarase a información no botón laranxa *Validar*, e así os datos comunicaranse á aplicación Xade e activarase a pantalla *Simulación* para o profesorado.

| Materia                                  | CCL  | CP   | STEM | CD   | CPSAA | CC   | CE   | CCEC |
|--|------|------|------|------|-------|------|------|------|
| Educación física                         | 1,8  | 2,2  | 2,8  | 1    | 6,9   | 2,5  | 4,7  | 2,5  |
| Lingua castelá e literatura              | 8,4  | 5,2  | 4,2  | 4,6  | 3,3   | 5,1  | 1,9  | 5,3  |
| Lingua galega e literatura               | 9,8  | 5,5  | 3,7  | 5,4  | 2,5   | 5,7  | 2,7  | 5,3  |
| Lingua estranxeira - Inglés              | 6,4  | 15,3 | 4,9  | 4    | 6,1   | 4,4  | 7,4  | 5,5  |
| Matemáticas                              | 1,2  | 1,2  | 14,2 | 9,2  | 3,4   | 2,7  | 12,1 | 4,5  |
| Música                                   | 6,6  | 3,3  | 0,1  | 5,1  | 5,4   | 4,3  | 3,7  | 12,3 |
| Relixión católica                        | 4,2  | 1,7  | 1,8  | 3,1  | 4,9   | 5,3  | 5,6  | 4,6  |
| 2ª Lingua estranxeira - Francés          | 4,6  | 14,4 | 4,6  | 2,1  | 6,1   | 1,9  | 2,1  | 4,4  |
| Cultura clásica                          | 4,8  | 5,7  | 0,8  | 3,1  | 5,6   | 2,6  | 3,1  | 1,7  |
| Ámbito lingüístico social                | 13,8 | 23,9 | 10,4 | 14,3 | 13,7  | 12,6 | 16   | 18,7 |
| Bioloxía e xeoloxía                      | 6    | 1,1  | 6,3  | 7,9  | 2,2   | 1,2  | 2,8  | 2,9  |
| Física e química                         | 3,1  | 0,5  | 9,7  | 2,2  | 4,1   | 1,5  | 2,5  | 3,7  |
| Educación plástica, visual e audiovisual | 4,4  | 1    | 3,5  | 4,3  | 4,7   | 4,6  | 4,3  | 6,3  |
| Xeografía e historia                     | 7,8  | 5    | 8,9  | 10,2 | 5,6   | 13,1 | 9,6  | 10,3 |
| Educación Dixital                        | 2,8  | 9,8  | 3,6  | 9,8  | 7,9   | 14,7 | 7    | 4,2  |
| Proxecto competencial                    | 4,3  | 2    | 2,5  | 3,6  | 5,6   | 1,8  | 5,3  | 3,5  |
| Educación en Valores Cívicos e Éticos    | 1,9  | 1,3  | 0,7  | 0,7  | 2,9   | 10,9 | 1,3  | 1,8  |
| Ámbito científico-tecnolóxico            | 8,1  | 0,9  | 17,3 | 9,4  | 9,1   | 5,1  | 7,9  | 2,5  |
|  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100   | 100  | 100  | 100  |

[Validar](#)

- A información validada pode anularse premendo no botón vermello *Anular* no caso de que se desexe volver validar a información (por exemplo, se se introduce algún cambio nas programacións didácticas que fai preciso volver validar os datos).
- *Simulación da contribución das áreas/materias/ámbitos á avaliación das competencias clave*
  - Dispoñible para todo o profesorado.
  - Selecciónanse as áreas/materias/ámbitos que se consideren (por exemplo para simular a matrícula dunha alumna ou dun alumno concreto) e así coñecer o peso co que contribúen á cualificación das competencias clave. Premerase no botón laranxa *Simular*.



Simulación da contribución das áreas/materias/ámbitos á avaliación das competencias clave

Nestes intreos a axuda non está dispoñible, desculpe as molestias.

[Modificar Axuda](#)

Filtros para a busca

Curso:  Centro:  Ensinanza:  Curso:

[Buscar](#)

Materia

- Educación física
- Lingua castelá e literatura
- Lingua galega e literatura
- Lingua estranxeira - Inglés
- Lingua estranxeira - Francés
- Matemáticas
- Música
- Relixión católica
- 2ª Lingua estranxeira - Francés
- 2ª Lingua estranxeira - Inglés
- Cultura clásica
- Lingua estranxeira - Alemán
- 2ª Lingua estranxeira - Alemán
- Ámbito lingüístico social
- Lingua estranxeira - Italiano
- Lingua estranxeira - Portugués
- 2ª Lingua estranxeira - Italiano
- 2ª Lingua estranxeira - Portugués
- Bioloxía e xeoloxía
- Física e química
- Educación plástica, visual e audiovisual
- Xeografía e historia

- Esta opción permite visualizar, a modo consulta, unha información máis axustada á matrícula dunha alumna ou dun alumno.

[Simular](#)

| Materia                                  | CCL  | CP   | STEM | CD   | CPSAA | CC  | CE   | CCEC |
|--|------|------|------|------|-------|-----|------|------|
| Educación física                         | 14,5 | 7,9  | 5,8  | 5,1  | 10,1  | 14  | 6,4  | 9    |
| Lingua castelá e literatura              | 5,8  | 6,3  | 9,8  | 8,5  | 15,2  | 14  | 6,4  | 9    |
| Lingua galega e literatura               | 5,8  | 10,5 | 5,8  | 12,7 | 6,1   | 4,7 | 16   | 6,7  |
| Lingua estranxeira - Inglés              | 5,8  | 15,7 | 9,8  | 6,3  | 7,6   | 5,6 | 10,6 | 6,8  |
| Matemáticas                              | 5,8  | 5,2  | 5,8  | 5,1  | 6,1   | 7   | 10,6 | 5,4  |
| Música                                   | 4,8  | 6,3  | 7,3  | 8,5  | 6,1   | 7   | 6,4  | 9    |
| Bioloxía e xeoloxía                      | 5,8  | 10,5 | 4,9  | 6,3  | 6,1   | 9,4 | 5,3  | 6,8  |
| Física e química                         | 5,8  | 15,7 | 14,6 | 12,7 | 6,1   | 7   | 5,3  | 13,5 |
| Educación plástica, visual e audiovisual | 14,5 | 5,2  | 14,6 | 12,7 | 10,2  | 5,6 | 6,4  | 4,5  |
| Xeografía e historia                     | 14,5 | 5,2  | 5,9  | 8,5  | 5,1   | 9,4 | 8    | 9    |
| Proxecto competencial                    | 9,7  | 5,2  | 5,9  | 5,1  | 15,2  | 7   | 8    | 13,5 |
| Oratoria                                 | 7,2  | 6,3  | 9,8  | 8,5  | 6,1   | 9,3 | 10,6 | 6,8  |
|  | 100  | 100  | 100  | 100  | 100   | 100 | 100  | 100  |

### Respecto á aplicación XADE:

- No apartado *Avaliación* de cada grupo de alumnado, accédese á pestana de *Competencias/Objectivos*, que presenta a listaxe das competencias clave e dúas columnas para cualificar:
  - *Cualificación Proens*. Amosa, a modo orientativo, as cualificacións cualitativas -suspense, suficiente, ben, notable e sobresaliente- para cada competencia clave, calculadas a partir das notas finais de cada área/materia/ámbito e a ponderación enviada desde Proens. Polo



tanto, é preciso que todas as áreas/materias/ámbitos teñan introducida a cualificación coa nota final para que a información deste apartado sexa correcta.

- *Cualificación XADE*. Permite realizar cambios na cualificación das competencias clave. Por defecto indica os mesmos resultados que a columna *Cualificación Proens* para que o equipo docente que así o desexe realice os axustes que considere oportunos segundo outros criterios acordados no centro.

| Avaliación continua   |  | Avaliación inicial |   | Dilixencias/Observ |   | Competencias/Objectivos |  |
|---|--|--------------------|---|--------------------|---|-------------------------|--|
| <b>Competencias clave</b>   |  |                    |   |                    |   |                         |  |
| <b>1º Enseñanza secundaria obrigatoria</b>                              |  |                    |   |                    |   |                         |  |
|   |  | Calif.PROENS       |   | Calif.XADE         |   |                         |  |
| Competencia en comunicación lingüística                                 |  | --                 | ▼ | --                 | ▼ |                         |  |
| Competencia plurilingüe   |  | --                 | ▼ | --                 | ▼ |                         |  |
| Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría |  | --                 | ▼ | --                 | ▼ |                         |  |
| Competencia dixital   |  | --                 | ▼ | --                 | ▼ |                         |  |
| Competencia persoal, social e de aprender a aprender                    |  | --                 | ▼ | --                 | ▼ |                         |  |
| Competencia cidadá  |  | --                 | ▼ | --                 | ▼ |                         |  |
| Competencia emprendedora  |  | --                 | ▼ | --                 | ▼ |                         |  |
| Competencia en conciencia e expresión culturais                         |  | --                 | ▼ | --                 | ▼ |                         |  |
| Grao de consecución dos obxectivos de etapa: -- ▼                       |  |                    |   |                    |   |                         |  |
| Modificar   |  | Aceptar            |   | Cancelar           |   |                         |  |

## 2. Creación dun borrador da programación didáctica



Outra nova funcionalidade que ofrecerá Proens será a de permitir crear un borrador de traballo dunha programación que será recuperable no curso seguinte. Esta opción require que a programación didáctica estea pechada (versión oficial), momento no que aparecerá a icona dun lapis que permitirá a elaboración dunha versión borrador.

Neste punto cómpre lembrar que, en cada curso académico, Proens e Xade vincúlanse para informar das áreas/materias/ámbitos que están asignados a cada docente e que lle limitan as opcións das áreas/materias/ámbitos sobre os que se pode elaborar a programación didáctica. Polo tanto, no curso actual a opción de elaborar un borrador cínquese ás áreas/materias/ámbitos e nivel que están asignados a cada docente no curso actual (se unha persoa docente quere elaborar a programación dunha materia e un curso que non imparte no curso actual non poderá crear un borrador xa que na aplicación Xade non consta como docente desa materia).

Ao premer no lapis, pódese crear o borrador partindo dunha versión sen datos, a partir da programación do centro educativo, a partir da programación de exemplo...

No seguinte curso académico, no momento de elaborar a programación didáctica oficial da área/materia/ámbito, aparecerá entre o resto de opcións a posibilidade de partir da versión borrador.



### 3. Seguimento da programación didáctica

A opción de realizar o seguimento da programación didáctica en cada grupo de alumnado incorporará unha nova pantalla para realizar o seguimento final do curso (e que no futuro facilitará a elaboración da memoria final -funcionalidade prevista para o final do curso 2023-24).

#### Seguimento por unidade didáctica

Actualmente cada profesora e profesor seleccionan unha materia e un grupo determinado para recoller os datos de interese que se obtiveron ao longo da impartición de cada unidade didáctica da programación didáctica da área/materia/ámbito. Esta pantalla, que xa existía, mellorarase nos seguintes aspectos:

- Presentará un resumo das datas de inicio e fin de cada unidade didáctica, coa diferenza de sesións, para que sexa máis sinxela a toma de decisións sobre os posibles axustes.

| Secuencia | Título                         | Data inicio | Data fin   | Sesións previstas | Sesións realizadas | Diferenza |
|-----------|--------------------------------|-------------|------------|-------------------|--------------------|-----------|
| 1         | O traballo científico          | 09/05/2023  | 17/05/2023 | 12                | 15                 | -3        |
| 2         | Os riscos xeolóxicos internos  |             |            | 8                 |                    | 8         |
| 3         | A organización do corpo humano |             |            | 7                 |                    | 7         |
| 4         | Alimentos e nutrientes         |             |            | 8                 |                    | 8         |
| 5         | A función da nutrición         |             |            | 10                |                    | 10        |
| 6         | A función da relación          |             |            | 10                |                    | 10        |
| 7         | A función da reprodución       |             |            | 8                 |                    | 8         |
| 8         | Saúde e hábitos saudables      |             |            | 7                 |                    | 7         |
|           |                                |             |            | 70                | 15                 | 55        |

Grupo  
3º ESO-A (X)

- Os campos de datos para cada unidade didáctica seguirán a ser:
  - Data de inicio e data de fin.
  - Grao de cumprimento (seleccionando tres opcións: alto, medio, baixo).
  - Propostas de modificación e/ou mellora (ata agora chamado Propostas xerais de mellora).
  - Observacións/Desviacións e xustificacións (ata agora chamado Observacións xerais).

#### Seguimento final

O seguimento final é unha nova pantalla destinada a que todo o profesorado da área/materia/ámbito do nivel realice unha valoración final conxunta do seguimento da programación didáctica e, á súa vez, incorpore datos de interese de cara a unha futura memoria final.

O profesorado, polo tanto, deberá introducir os seguintes datos:

- Resultados de avaliación. Para cada grupo indicárase o número total de alumnado, nº de aprobados, nº de suspensos e, de ser o caso, nº de validacións/exencións.
- Análise xeral de resultados de avaliación do alumnado en relación cos cursos anteriores (caixa de texto libre).
- Grao de cumprimento dos indicadores de logro. A partir da listaxe de indicadores de logro recollidos no apartado 8.1 da programación didáctica, que aparecerán neste apartado de xeito automático, indicárase o seu grao de cumprimento (seleccionando tres opcións: alto, medio, baixo).
- Propostas xerais de modificación e/ou mellora para o curso seguinte (caixa de texto libre).
- Observacións xerais (caixa de texto libre).



Esta mellora no seguimento forma parte da funcionalidade que permitirá elaborar a memoria final do ciclo/departamento didáctico na propia aplicación Proens e que se prevé que estea operativa para o curso 2023-2024.

A modo informativo, esta pantalla de *Memoria final* funcionará do seguinte modo: ao longo do curso, cada docente incorporará os datos de seguimento das unidades didácticas da programación didáctica nos seus grupos e, ao final de curso, realizará un seguimento final en conxunto co resto de profesorado da área/materia/ámbito do nivel. Nese momento, a persoa responsable da coordinación do ciclo ou da xefatura de departamento completará a información necesaria para elaborar a memoria final.

O informe desta memoria final incorporará tanto a información final de ciclo/departamento como a información do seguimento xeral e por unidades didácticas de cada un dos grupos elaborada polo profesorado.